

O capitán Nemo

“Recoñecín sen dubidar as súas calidades dominantes: a confianza en si mesmo, porque a cabeza se separaba nobremente do arco formado pola liña dos seus ombros e os seus ollos negros ollaban cunha fría seguridade; a calma, pois a súa pel, máis ben pálida que rosada, anunciaba a tranquilidade do sangue; a enerxía, que demostraba a rápida contracción dos seus músculos superciliares; e, por fin, o valor, porque a súa forte respiración denotaba unha grande expansión vital.

Engadirei que este home era orgulloso, que o seu ollar firme e tranquilo parecía reflectir grandes pensamentos, e que de todo este conxunto, da homoxeneidade expresiva dos xestos do corpo e da faciana, resultaba, segundo a observación dos fisionomistas, unha indiscutible franqueza.”

De “Vinte mil leguas baixo dos mares”, de Xulio Verne
Traducido por Mercedes Pacheco Vázquez e Llerena Perozo Porteiro, Xerais, 2003